

MÉRCORES 2 DE OUTUBRO

Detense diante do número catro da avenida Buenos Aires, preto do barrio da Cacharela, na parte alta da vila. Consulta o seu Roskopf de prata. Quedan dous minutos para as cinco da tarde. Garda o reloxo no peto dereito do chaleco e entra no portal, escuro e húmido. Observa á esquerda o rectángulo dunha porta cerrada, nidiamente trazado pola claridade procedente do outro lado. Vai cara á porta, pousa a man no picaporte e demórase un intre, á escoita.

Finalmente abre e entra nunha oficina espazosa, de teito alto, con tres portas de dobre folla, madeira grosa e cristais cadrados -opacados con trazos brutais de pintura verde-, que dan á beirarrúa. Entre a segunda e a terceira porta hai un retrato de Franco. Baixo o retrato, e de costas a el, un garda civil uniformado teclea nunha máquina de escribir. Sobre a mesa repousa o tricornio. Á beira, outro home, alto, de pé, sostén un feixe de papeis na man esquerda e apoia o índice e o corazón da man dereita no taboleiro da mesa, ao carón do tricornio. Viste traxe azul mariño, de chaqueta cruzada, camisa azul e gravata negra. Un fino bigote remarca a liña do seu beizo superior, e o perfecto pranchado do pantalón remata sobre os puntiagudos zapatos, negros e relucentes.

Non se decatan da presenza do visitante, ata que el se achega e saúda.

—Boas tardes -toca cos dedos a aba do sombreiro. O home alto alza os ollos dos papeis, e o garda civil interrompe o tecleo-. Son Román Ulloa, e estou citado polo comandante Montalvo para as cinco da tarde.

—Ah, si. -Avívanse cordiais as pupilas escuras do home alto que, sen soltar os papeis, dá uns pasos cara a el e téndelle a man dereita:-. Xenaro Valverde, para servilo.

Chocan as mans. Valverde ordénalle ao garda civil:

—Romeu, suba e dígalle ao comandante que don Román Ulloa, o avogado, está aquí.

O garda civil, posto en pé, esboza un saúdo militar e abandona a oficina a paso lixeiro.

Valverde vólvese cara a Ulloa, pousa a man dereita no antebrazo esquerdo do avogado e o conduce ata unha cadeira xunto á mesa escritorio que hai ao fondo da oficina.

—Sente, por favor.

—Grazas.

Ulloa senta e cruza as pernas. Valverde arrodea a mesa e senta ao outro lado, fronte a el. Saca unha pitilleira e ábrea, deixando ao descuberto unha fileira de tabaco louro Chesterfield, presa cun elástico azul.

—Fuma vostede? -estende o brazo sobre a mesa e aproxima a Ulloa a pitilleira aberta.

—Fumo, si, pero non tabaco louro. Fumarei do meu, se non lle molesta.

—Por suposto que non.

Ulloa saca unha petaca de coiro, ábrea en horizontal e tira dela un groso cigarro.

—É picadura, non é?

—Si, é. De tabaco Gener. Fanmos na casa a máquina.

Valverde ofrécelle lume coa chama do seu chisqueiro.

—Está riba de nós o outono -comenta-. Teño entendido que os invernos son longos e fríos aquí. Ten sona de duro o clima desta terra.

—Así é -asente Ulloa, botando unha bocanada de fume e inclinando a cabeza para atrás-. Pero os outonos non sempre son malos.

Gardan silencio. Por un intre cruzan a mirada, inquisitivos. Valverde pousa o pitillo louro no cinceiro e remove repetidamente os papeis que ten sobre a mesa ata deixalos perfectamente ordenados.

—Por certo, terminou o congreso de xuristas?

—Si, hai tres días.

—Só nesta vila hai cinco avogados, non si? -inquire Valverde-. Moitos avogados son eses, non lle parece? Aínda que vostede traballa polos outros catro... -engade sorrindo-.

—Todos traballamos máis ou menos -responde Ulloa impasible.

—Vostede máis -insiste Valverde.

Ulloa garda silencio, inclínase cara adiante e apaga a cabicha no cinceiro ao tempo que se abre a porta e o garda civil anuncia:

—O señor comandante ordena que suban.

—Veña comigo -di Valverde ao tempo que se ergue.

Ulloa acompaña. Soben ao primeiro andar, ata chegar a unha porta cun chamador de metal. Enriba do chamador hai unha placa ovalada de porcelana, coa imaxe dun Xesús de rostro sereno e barbado, lacias guedellas e tórax ocupado por un corazón rematado na parte superior cunha cruz. Orlando a placa lese: *Dios bendiga cada rincón de esta casa*. Valverde peta suavemente co chamador unha soa vez. De inmediato abre a porta unha moza miúda e fraca, lisa de peito e vestida de negro, non sendo unha cofia branca sobre os seus cabelos louros.

—Pasen -di ela con voz retraída.

Valverde cédelle paso a Ulloa, que se descobre, tomando o sombreiro na man dereita. Entran nun pequeno vestíbulo, alumeadado soamente pola luz que traspasa o fachinelo sobre o lintel dunha porta situada á esquerda. Á dereita, o espello dun parauqueiro reflicte as imaxes de Ulloa e Valverde. A moza abre a porta da esquerda e, apartándose, dilles:

—Entren, por favor. O señor virá agora mesmo.

De novo Valverde cédelle o paso a Ulloa, cunha indicación afectuosa. A moza cerra a porta tras eles e déixaos sos. Os dous homes quedan de pé nun pequeno cuarto que dá a un dos balcóns da fachada principal. O mobiliario é escaso: unha librería de piñeiro e unha mesa camilla cuberta por un faldón de veludo verde descolorido, circundada por unha butaca e tres cadeiras. Completa a estancia un vello sofá, tapizado tamén de verde e situado contra a parede, de fronte á librería. Sobre a mesa, un quinqué dourado e unha novela da colección Biblioteca Oro Editorial Molino, coa cuberta en rústica de cores, titulada *La venganza del Oeste*.

—Son as únicas que le... -comenta irónico Valverde.

O comandante entra cando Valverde remata a frase. Pequeno, tripudo e completamente calvo, viste chaqueta gris de punto e pantuflas caseiras que acentúan a súa curta estatura. Saúda a Ulloa apreixoándolle a man entre as súas, ao tempo que lle di:

—Tiña moito interese en coñecelo. -Dirixe entón a mirada a Valverde:- Se é preciso xa te chamarei.

—Ás súas ordes.

O comandante cerra a porta cando Valverde sae, vólvese cara a Ulloa, toma coas súas mans unha das cadeiras e sepáraa da mesa camilla.

—Sente aquí, por favor. Quere tomar algo? Un café, unha copa?...

—Non, grazas.

Ulloa senta, cruza as pernas e pousa o sombreiro sobre o xeonllo dereito sen soltalo. O comandante senta fronte a el, coa librería detrás, apoia os cóbados nos brazos da butaca, repousa as costas no respaldo e enlaza as mans sobre o abdome.

—Ben -principia-. Mandeino chamar porque teño moi boas referencias sobre vostede e quero que me bote unha man nun asunto que pretendo resolver da mellor forma posible. Coido que vostede é o home indicado. -Fala amodo, cun lixeiro ceceo e un fío de cuspe ensarillado nos beizos carnosos e pálidos, incapaces de agochar o grosor desmesurado da lingua, que apenas lle cabe na boca.

—Que quere dicir con boas referencias? -inquire Ulloa.

—Oh, non me interprete mal -sorri abertamente, deixando ao descuberto a humidade avermellada da súa boca, ao tempo que o cuspe se despraza da comisura dos beizos-. As boas referencias de que lle falo circunscríbense ao seu prestixio profesional e á súa asepsia política. Un bo avogado, nin adicto nin desafecto ao réxime, abonda con iso para min. Así que convén que nos entendamos desde o principio. Tal e como eu o vexo, vostede é a persoa que necesito para solventar con rapidez, e, a poder ser, con satisfacción de todos, o asunto que lle quero expoñer.

—Que asunto é ese?

—A compra do pazo dos Ferreiroa.

—Non será doado.

—Por que o di?

—Porque o pazo non é só de Xacobo Ferreiroa. Xacobo ten unha irmá, Ana, que vive en Francia e tamén é dona do pazo. Por outra parte, non estou seguro de que ela sexa maior de idade.

—Cumpriu a maioría de idade hai once días exactamente, e antonte saíu para aquí -informa o comandante-. Chega pasado-mañá á estación de Monforte.

—Pero non venderán, diso pode estar seguro.

—Venderán, señor Ulloa, verá como si. -O comandante inclínase cara adiante, pousa as mans no borde da mesa e, fitando a Ulloa coas negras pupilas, susúrralle en ton imperativo:- Terán que vender.

—Comprendo -di Ulloa, esbozando un sorriso irónico-. Ese é outro falar. En calquera caso, non sei que teño que ver eu neste asunto.

—Vostede é avogado e amigo dos Ferreiroa, e sabe que dispoñemos de medios legais dabondo para facernos co pazo, queiran ou non vendelo. Deberá convencelos de que a venda é a única solución razoable. Como ve, non lle pido nada que non aconsellaría vostede a calquera dos seus clientes.

—Os Ferreiroa non son uns clientes calquera, señor comandante -brillan aceirados os ollos grises de Ulloa, que engade con voz afiada: -De ningún modo hanse avir a facer o trato cos que mataron ao seu pai.

O comandante non se inmuta. Permanece varios segundos en silencio, sen mover un só músculo da cara. Descansa o corpo sobre o respaldo da butaca, enlaza de novo as mans sobre o ventre e di:

—Entendo o que acaba de dicir. Pero permítame recordarlle que aquí houbo unha guerra. Tanto dun lado como do outro houbo paseos e asasinatos sen máis. Sen embargo, ao pai dos Ferreiroa non o pasearon nin o mataron ás agachadas, como vostede debe saber. Segundo os meus informes, e corríxame se me equivoco, foi xulgado daquela polo tribunal competente, condenado e executado en cumprimento da pena. Estes son os feitos, e alá cadaquén coa opinión que teña deles.

O comandante respira profundamente e continúa, agora nun ton confidencial:

—Verá, señor Ulloa, este lerio do pazo, como lle dixen, non é do meu agrado. Tentarei levalo adiante da maneira menos traumática, e coido que a súa mediación pode ser decisiva a este respecto, como xa lle indiquei. Mesmo estou disposto a facer un pacto con vostede, en proba da miña boa vontade. Pero non caben enganos. Con pacto ou sen el, os Ferreiroa non continuarán no pazo. Creo que falo con suficiente claridade.

—Desde logo -asente Ulloa-. Pero, de que pacto me fala?

—Déame a súa palabra de que, como avogado e amigo dos Ferreiroa, recomendaralles que vendan o pazo. E de que, se non atenden o seu consello, non asumirá vostede a defensa legal do asunto. E eu darei orde de poñer en liberdade a un tal Suso de Barallobre, que, como sabe, leva detido máis dun mes. Teño entendido que é o seu caseiro, non si?...

—Non exactamente. É fillo do que foi caseiro do meu pai.

—Tanto ten, cónstame que é persoa pola que sente vostede especial afecto. Desde que o detivemos non houbo máis remedio que mantelo incomunicado, pero estou informado dos intentos de vostede de poñerse en contacto con el, todos eles lamentablemente infructuosos. Talvez lle faltou o que, posiblemente, fora o máis eficaz: falar comigo directamente. En calquera caso, agora ten nas mans a súa liberdade.

—Está ben, de acordo, pero haberá outros avogados que defendan aos Ferreiroa se eu me nego a facelo.

—Non -sorrí o comandante-, non os haberá.

—Cando poñerán en liberdade a Suso?

—Mañá darei a orde e pasado estará fóra.

—Queda algo por determinar para o caso, improbable, de que accedan polas boas a vender... Canto lles pagarán polo pazo?

—O prezo, meu querido amigo, fixarémolo nós.

Cando sae anoitece, pero o alumeado público permanece apagado. Baixa pola rúa Joaquín Loriga, unha tira de penumbra flanqueada polas macilentas luces de tendas e escaparates. Bota a man ao sombreiro para termar de que o vento do sur, que sopra con forza e lle cingue a gabardina por atrás, non llo arrebatada da cabeza. Gaña a beirarrúa da esquerda e camiña abeirado ás casas, ao acubillo do vento. Transita pouca xente, pero aínda así Ulloa contesta ao saúdo dalgúns viandantes que non identifica na escuridade. Ao chegar baixo a marquesina alumeada do cine Lalín detense, de costas ao rostro de Gary Cooper, que domina en primeiro plano o cartaz coloreado do lexionario *Beau Geste*. Na beirarrúa de enfronte, baixo a vixilancia dunha muller enloitada, o vento aviva o lume dun braseiro, espaxando no ar un

refacho de muxicas. Atravesa a rúa en diagonal e abre unha das portas acristaladas do Café Moderno, máis coñecido por Café de Camilo.

Unha bufarada de aire quente, viciado de fume, obrígalle a engruñar os ollos. Con rápida mirada escruta o local, que está mediado de xente. Mentres desabotoa a gabardina vai directamente ao fondo, senta nun taburete alto de madeira, cruza as pernas e apoia o cóbado esquerdo no mostrador, que forma un L entre a parede posterior e a da dereita.

A muller de negro, que manipula unha cafeteira Pavoni, estrepitosa de vapores, di, sen ollar cara a el:

—Agora o atendo, don Román...

—Grazas, Fina.

—O vento tira para auga, non si? -di ela.

—Tira -di Ulloa. Acende un pitillo e dálle unha calada que despraza a brasa case un terzo. Despois, fumea ao tempo pola boca e o nariz.

Fina, amodo, tira da palanca da cafeteira e colle do andel unha copa e unha botella de coñac Carlos I. Coloca a copa sobre o mostrador e verte nela o licor. Ulloa bota un grollo.

—Non veu Enrique por aquí? -pregunta el.

—Aínda non. Pero virá. -A muller vólvese de costas a Ulloa, coloca a botella no andel e torna a estrebillar na cafeteira. Desde alí, olla o reloxo de péndulo na parede do fondo, que sinala as sete e doce minutos-. Dentro dun pouco halle vir.

Román Ulloa permanece en silencio, fumando, coa mirada perdida. Dous minutos máis tarde, cando se abre a porta do café e entra un home alto e delgado, vestido cunha zamarra negra de coiro, Ulloa fixa a vista nel e chasquexa a lingua con desagrado. O home da zamarra mírao desde a entrada e esboza un xesto de sorpresa, que troca en sorriso a medida que se achega ao avogado.

—Vaia, a quen temos aquí! -exclama cando está xa ao lado de Ulloa.

—Ola, Arturo.

—Que é da túa vida? Vémonos pouco ultimamente... -Arturo Santalla fala en ton alto pero ten a fonía, o que lle impón un evidente esforzo para facerse escoitar. Ten o rostro demacrado, coas

faccións acentuadas pola extraordinaria delgadeza, os ollos afundidos en cuncas purpúreas e un selo febril sobre cada pómulo. Olla a copa de Ulloa sobre o mostrador:- Acaba esa copa e toma outra. Convido eu. -Diríxese á muller de negro:- Fina, sírvelle outra copa a don Román, e a min ponme un vermú.

Ulloa menea a cabeza.

—Non, grazas, Arturo, cunha teño dabondo.

—Alá ti, como queiras.

Fina serve o vermú. Ulloa apura o resto da súa copa, ponse de pé e esmaga a cabicha no cinceiro. O home da zamarra bebe o contido do seu vaso e vólvese cara a Ulloa.

—Xa te vas! -di- Que présa tes? Agarda un pouco, fai o favor -ponlle amizosamente a man no ombreiro-. Hai tempo que non sei de ti. Onde te metes? Non se che ve o pelo...

—Ando moi traballado. Saio pouco e tarde.

—Hoxe non é tarde.

—Non, hoxe non. Saín máis cedo do acostumado.

—A entrevistarte co comandante Montalvo, non si?

—Non adoito falar das miñas actividades profesionais se non é necesario.

—Xa. Sempre tan discreto o avogado Ulloa! Pero descoida, meu amigo: estou ao tanto do asunto dos Ferreiroa. E sabes o que che digo? Que me alegro de que perdan o pazo. Así de claro. O que non entendo é a teima do comandante en extremar a delicadeza con quen, en definitiva, son inimigos do noso réxime. Non sei a que vén tanta consideración con eles! Con outros, desde logo, non a ten... Hai dous días chamounos a Enrique e a min para, segundo dixo, cambiar impresións connosco sobre o camiño a seguir no asunto do pazo. Que cinismo! O camiño xa o tiña decidido, e sospeito que o noso alcaldíño non foi alleo. Xa coñeces a Enrique: dos que tiran a pedra e esconden a man. Cando o comandante falounos de comprar o pazo, Enrique felicitouno, tan mantecosiño el... Porque desa maneira os Ferreiroa quedarían “debidamente compensados”, e el “non era partidario de prexudicar a ninguén, nin sequera a quen o tiñan polo seu inimigo”. Deume gana de partirlle a cara! Os tres sabiamos que a idea de facerse co pazo partira del, e que non tiña o que hai que ter para poñerse á fronte neste asunto, como tampouco o tivera

para comparecer como testemuña da defensa do vello Ferreiroa, que fora tan amigo seu...

—Fun eu quen lle pedín a Enrique que non comparecera -di Ulloa-. O seu testemuño tería sido contraproducente.

—Tería, pero eu faleille claro ao comandante -prosegue-. Díxenlle que se deixara de contemplacións, que detivera a Xacobo e ordenara ocupar o pazo de inmediato. Xa habería tempo máis adiante de ver a fórmula xurídica para facerse con el.

—E de que ía acusar a Xacobo para detelo? -inquire Ulloa.

—Esa mesma pregunta fíxoma o comandante, cando todos sabemos que pode deter a quen queira sen ningunha acusación. E mantelo arrestado o tempo que lle dea a gana, ou non??... Pero, en fin, instalados no cinismo seguinlle o xogo, e díxenlle que Xacobo podía ser acusado de colaboración con banda armada. E que eu mesmo faría a denuncia.

—Pero esa denuncia tería que basearse nun feito concreto.

—Basearíase no feito de que o médico Xacobo Ferreiroa fíxo-lle as primeiras curas ao proscrito ese, O Furado, cando o ferimos na batida que lle demos hai dous meses na casa de Suso, o fillo do teu caseiro, que, por certo, segue detido e incomunicado. Xacobo daquela curou ao Furado e non deu parte.

—Non hai proba diso -afirma Ulloa-. Cando a batida ao Furado fixestes un rexistro minucioso na casa dos Ferreiroa e non atopastes nada, absolutamente nada, que puidera comprometer a Xacobo. A boa hora estaría hoxe na casa se atoparades algo contra el! O comandante nin sequera o someteu a interrogatorio. Incluso está por demostrar que O Furado resultara ferido na batida.

—Estará por demostrar, pero asegúroche que foi certo! Disparamos á vez dous gardas civís e mais eu. Cando disparei, vino caer entre xestas e repolos e, deseguida, erguerse de novo e saltar o valo. Seguí disparando mentres corría ata o valo, e cando cheguei alí xa non estaba. Pero estou seguro de que o ferimos.

—O informe da Garda Civil non confirmou iso.

—Os gardas, cando viron ao Furado saltar o valo, acolloáronse e non me seguiron. Tiveron medo de que nos estivera esperando ao outro lado. E, claro, despois os moi cabróns informaron

que nin o viran nin dispararan, que só disparara eu... e que eu estaba bébedo. Fillos de puta!

—O comandante, ao que se ve, deulle máis creto a eles ca a ti.

—O comandante está farto de saber que a miña versión é a verdadeira! O que pasa é que non quixo deter a Xacobo, non sei por que. É moi cuco o señor comandante, dígocho eu... Ao mellor quixo utilizar a Xacobo como cebo para acabar co Furado. Se detiñan a Xacobo, O Furado non volvería polo pazo dos Ferreiroa.

—Ben -di Ulloa-, xa falaremos. Fáiseme tarde, teño que irme. Ata logo, Arturo.

Desemboca na Esquina, denominación vulgar da encrucillada central da vila, e logo descende pola rúa General Franco. O vento brúa rúa abaixo, abaneando as luces -agora acesas- do esquemático alumeadado público, formado, de treito en treito, por unha bombilla baixo unha pantalla de porcelana que semella un prato posto do revés. A axitación do lucerío prolóngase en rosario de tenues escintileos ata o barrio do Pontillón, acolá embaixo. Ulloa camiña á présa, empurrado polo vento, co sombreiro na man esquerda e a cabeza agochada baixo o colo alzado da gabardina. Cando leva percorrido algo máis da metade da rúa, sobe os dous cómodos banzos de mármore do suntuoso portal do Casino, rematado ao fondo por unha espectacular porta de cristais esmerilados.

O conserxe, un vello enfundado nun raído uniforme azul mariño de dobre botoadura prateada, anticipase á carreiriña polo amplo portal e ábrelle a porta acristalada, que rechía, grimosa.

—Boas tardes, don Román.

—Como che vai, Marcial?...

—Imos indo, don Román, imos indo... -O seu rostro sanguíneo e abotargado de bebedor esboza un sorriso servil, mentres inclina levemente a poderosa cabeza coroada de pelo branco cortado ao cepillo. Coa man no picaporte mantén a porta aberta.

—Está dentro don Xacobo? -pregunta Ulloa ao tempo que traspasa o limiar.

—Estalle, si, hai unha miga que chegou. Está no salón de lectura.

Renxe de novo a porta cando a cerra desde fóra.

Ulloa avanza uns pasos polo corredor do vestíbulo, xira á esquerda e entra nun salón rectangular, alumeado por unha aparatosa lámpada de bronce con múltiples luceciñas, que se reflicten nos vidros de dúas librarías xemelgas, unha delas adosada á parede da esquerda e outra á da dereita. Fronte á porta da entrada, dous grandes ventanais con cortinas de veludo amarelo, pregadas con senllas cintas aneladas, franquean o repinicado escudo do Casino, tallado en madeira.

O avogado percorre rapidamente coa mirada a media ducia de homes que, no centro do salón, baixo a lámpada de bronce, fan tertulia arredor dunha voluminosa mesa oval, chea de revistas e xornais. Máis aló do grupo, Ulloa localiza cos ollos a un home so, que, sentado diante dunha mesa pequena, a carón dun dos dous ventanais, está absorto na lectura dun periódico. Ulloa intercambia un breve saúdo cos contertulios antes de achegarse a aquel home, que non se percata da súa presenza ata que lle pousa a man no ombreiro.

—Ola, Xacobo.

Xacobo Ferreiroa alza a cabeza.

—Ah, es ti! -exclama. Colle os anteollos da mesa e abandona o xornal, recostándose no respaldo da cadeira-. Precisamente acabo de chegar da túa casa, dixéronme que saíras. Pensaba volver un pouco máis tarde, pero agora afórrasme a viaxe. Senta, por favor.

Ulloa deixa a gabardina e o sombreiro sobre unha cadeira e senta noutra fronte a Ferreiroa, a mesa entre ambos.

—Tomas algo? Gustaríame convidarte -di Xacobo, e explica a continuación:- Hoxe tiven boas novas.

—Tomarei unha copa.

—Non te levantes, eu chamarei.

Érguese e afástase uns pasos para pulsar o timbre situado xunto á porta de entrada. Ulloa segue coa mirada o sospeitoso contoneo dos andares daquel corpo miúdo, vestido de impecable traxe gris marengo moi axustado. Os tacóns dos zapatos negros son máis altos do normal.

—Agora virá o camareiro -di Xacobo cando volta a sentar.

É louro e delgado, cun pasmo como de susto permanente nas pupilas azuis dilatadas a través dos immaculados cristais dos anteollos. O nariz recto, os beizos acentuadamente deliñados nos bordos, os pómulos altos e a suave curvatura do queixo conforman un harmonioso rostro case feminino, traizoado pola pel e pola barba suave. Loce no colo paxariña de seda azul, moteada de pintas brancas.

—De modo que hai boas novas... -inquire Ulloa con ton indiferente.

—Hainas, si. Vén Ana, sabes? -Un leve tremor gozoso altéralle a voz, obrigándolle a carraspexar- Pasadomañá irei recollela a Monforte. Xa está en San Sebastián, que che parece? Eu mesmo quedei sorprendido, non contaba con ela tan pronto, a verdade....

Interrómpese coa chegada do camareiro, un mozo moi peiteado vestido de chaqueta branca. Ulloa pide coñac e Xacobo té con limón. O avogado acende un pitillo.

—Cando soubeches do regreso de Ana? -A pregunta de Ulloa vai acompañada da emisión dun fume intermitente pola boca e o nariz.

—Sóubeno onte pola noite -di Xacobo-. Estaba ceando cando veu á casa a criada de Socorriño Vidal, a do teléfono, para avisarme de que a miña irmá chamara desde San Sebastián. Ana deixou recado de que a telefonara eu ao número que lles deu. Díxolles que estaba ben, que non me preocupara, pero... que lle queres, non peguei ollo en toda a noite. Esta chegada así, tan de súpeto... Ela, ti sábelo ben, tiña moita gana de vir, sempre mo dicía nas cartas, pero non se me pasou pola cabeza que tentara facelo agora que está pechada a fronteira.

—E como o conseguíu? -interpela Ulloa- Por onde entrou a España?

—Entrou por Irún! -exclama trunfante Xacobo-. Entrou legalmente, ela mesma mo dixó esta mañá. Deixa que che conte... -axusta os anteollos co dedo índice e prosegue-. Hoxe ás oito xa estaba eu na centraliña de teléfonos na casa de Vidal. Que mal o pasei alí! O do teléfono desespera a calquera... A pobre Maruxa botou toda a mañá cos auriculares postos pedindo liña á Estrada, pero cando A Estrada lla daba, non lla daba Pontevedra, e volta

a empezar. E así ata case a unha da tarde. Por riba, cando conseguimos contactar con Ana interrompeuse a comunicación varias veces. E ademais oíase tan mal que non me enterei da metade do que dixo. Algo falou dunha autorización ou salvoconduto francés... Non sei, algo así... De todas maneiras, o que lle entendín moi claro é que non tivera problemas no control español da fronteira. Insistiu moito no feito de que entrara legalmente.

Cala cando chega o camareiro e lles serve. Agardan en silencio ata que se vai. Entón Ulloa bota un grolo de coñac ollando pensativo a Xacobo, que remexe a infusión de té coa cabeza lixeiramente ladeada, termando de que o fume non lle embace os cristais dos anteollos.

—Eu xa estaba ao tanto da chegada de Ana -espétalle Ulloa.

Xacobo deixa de remexer e pousa a culleriña no prato.

—Quen cho dixo?

—O comandante Montalvo, hai unhas horas.

—E quen llo dixo a el?

—Non sei. Sóbranlle fontes de información.

Xacobo óllao, estrañado.

—Coidaba que non tiñas trato co comandante.

—Faleille hoxe por primeira vez. Citoume ás cinco da tarde na súa casa para informarme de que hai un alto cargo do réxime interesado no voso pazo.

—E quen é ese xerarca?

—Non mo dixo.

—Tanto ten! Quen queira que sexa, perde o tempo. Non venderemos. Non nos poden obrigar a iso.

—Está por ver.

—Si? E como? Nós non asinaremos nada. Algo dirá a lei ao respecto, digo eu...

—A lei? Que lei? A lei deles. Eles son os donos da lei. Dispoñen dela como lles pete. E se lles estorba pásana por debaixo da entreperna con absoluta impunidade. Esquece a lei, por favor...

—Paradoxal consello de avogado.

—Consello de amigo. Se vos negades a vender, recorrerán ao que o comandante cualificou de “medios expeditivos”. E eu, como avogado, non poderei facer nada para impedi-lo. Non pensarás que ía prosperar unha demanda contra eles por extorsión...

—E se Ana non estivera aquí? Eu só non pododo vender, non é? Ela tamén é dona. Tan pronto chegue direille que se vaia decontado.

—Non llo permitirán ata que non formalicedes a venda. Teñen todo planeado, está claro. Agardaron a que Ana entrara en España para manifestar a decisión de adquirir o pazo, sen aclarar quen é o comprador e cal é o prezo, que fixarán unilateralmente ao tempo da compra. E o comandante dimo a min, voso avogado e amigo, para que vos convenza de que sería inútil a negativa... Mesmo, despois de escoitarte a ti, teño a sospeita de que non son alleas ao plan as facilidades que atopou Ana para pasar a fronteira. Haberá que agardar a que ela nolo conte.

—Así que non hai nada que facer?

—Contar coa lei desde logo que non, malia estar a lei da vosa parte. Pero a falta de amparo legal non sempre conleva que unha causa estea perdida...

—Ben -di Xacobo-, haberá que esperar a que chegue Ana. Eu só non son quen de tomar ningunha decisión... O que son as cousas! Vai para once anos que non a vexo e agora, cando regresa, máis valera que non o fixese. Saíu nena e volve muller, unha muller que non sei como respira, unha estraña quizais. Daquela, cando se foi, deixáronnos sen pai e agora déixannos sen pazo. Non sei doutra cousa que teñamos en común... Os recordos talvez, pero cadaquén recorda ao seu xeito. A lembranza non é cousa que se poida compartir, meu amigo.

Gardan silencio. Nun momento dado cruzan as miradas, que de inmediato desvían ambos pudorosamente. Entón reparan en que a conversa dos tertulianos, na mesa oval preto deles, subiu de ton e dexenerou en aberta discusión.

—Toma o té -di Ulloa-. Vaiche enfriar.

—Xa está frío -di Xacobo apalpando a taza-. Será mellor que me vaía.

—Se vas á casa, acompáñote. Cádrame de camiño cunha visita que teño que facer. Ademais, se mo permites rompo o trato e convídote eu. A fin de contas non tomaches nada.

Cando saen do salón, un tertuliano alto e enxoito blande un xornal na man alzada.

—Doce condenados a morte en Nuremberg!! Doce!! E despois falan de nós... Dá noxo!!

Soben a contravento pola rúa General Franco, e desvíanse á dereita por un calello fedorento de ouriños. O calello remata na praza de Calvo Sotelo, un rueiro terreño sumido na penumbra baixo a mísera luz dun farol cos cristais esnaquizados. A praza está deserta. Os dous homes atrávesana, acompañados pola confusión de voces estentoréas procedentes dunha taberna próxima, e van dar á rúa Colón, que é curta e en pendente. A mirada de Ulloa percórrea rapidamente de arriba a abaixo. Rúa abaixo non ve a ningún. Rúa arriba, a menos de quince metros, divisa a un home pequeneiro e fornido que, apoiado de costas na fachada do Hotel Elvira, fuma con aparente indiferenza.

Cruzan ao outro lado e baixan pola beirarrúa ata a derradeira edificación, un caserón de pedra que fai esquina coa estrada de Donramiro. Detéñense ante o caserón. Á dereita do portal, nun rótulo ovalado de porcelana branca, lese en caracteres negros: *Xacobo Ferreiroa Maistre. Médico.*

Xacobo abre a porta da casa e dille a Ulloa:

—Sube se queres e ceas comigo.

—Non, grazas, xa che dixen que teño unha visita por facer.

—Como queiras.

Xacobo entra no portal.

—Agarda un momento -dille Ulloa.

Xacobo vólvese. Na escuridade do portal, os cristais dos seus anteollos reverberan a luz exterior.

—Verás... Hai algo do que che quero advertir -Ulloa fala susurrando-. É sobre o asunto do Furado, sabes?

—Do Furado? -estráñase Xacobo- Non sei del desde aquel día.

—Mellor así. Anda con tino, Xacobo, daquela non te detiveron, pero non te confíes. Sospeitan de ti. Iso é evidente. Agora mesmo hai un da brigadilla que te vixía, acabo de velo. Utilízante de cebo para botarlle a man ao Furado, alguén mo dixo, así que, repito, moito tino co que fas.

—Non teñas coidado, estou ao tanto. Non me quitan ollo, xa me afixen a iso, e, polo mesmo, a gardarme deles cando me convén... ou cando me divirte. Non son home valeroso, pero confeso que, ás veces, incluso resulta divertido burlar a súa vixi-

lancia, tan torpe e grotesca. É a miña pequena vinganza contra a súa infamia e brutalidade. De todas maneiras ti tranquilo, non teño contacto co Furado. Non sei nin onde nin como se atopa. Daquela tiña feridas moi graves e só lle puiden facer unha cura de urxencia. Talvez estea morto.

—Iso non te prexudicaría -dille Ulloa-. Que descanses.

—Boas noites -responde Xacobo. E cerra a porta da casa.

Dobra pola estrada de Donramiro, e de novo o vento bátelle de fronte con violencia. Baixa pola beirarrúa de enlousado de pedra, estreito e irregular, mal asentado, ás veces oscilante ao seu paso. Deixa atrás o Observatorio astronómico, que se alza na penumbra dun xardín enreixado. Rematada a beirarrúa, camiña un treito de vía sen asfaltar, flanqueada á dereita por un pretil de pedra. A zona está a escuras e o vento, preñado de humidade, móllalle a gabardina, que nota pesada contra as canelas. Ao pouco chega ás primeiras casas do Tirabeque, aliñadas en ringleira na marxe esquerda. Apenas se ve unha bombilla solitaria, no extremo dun brazo de ferro que parte da fachada da primeira casa. A furia do vento subliña a desolación daquel barrio humilde e periférico.

Detense ante a terceira casa. Tenta a porta da entrada e comproba que está pechada. Mira polas ventás da planta baixa, unha a cada lado da porta, e só ve escuridade. Entón tira dun cachote de pedra que se despega da fachada, deixando ao descuberto un oco na parede onde recolle unha chave de ferro longa e delgada. A porta, de anchura desmesurada, divídese horizontalmente en dúas follas. Xira a chave sobre a pechadura e abre o postigo, introduce o brazo no interior e corre por dentro o pasador inferior. Entra, prende a luz, saca a chave da pechadura e deixa entreaberto o postigo. Coa chave na man avanza por un ancho e curto corredor enlousado de pedra, que atravesa a casa de adiante a atrás. A feble luz da bombilla permite ver, á esquerda do corredor, en primeiro termo un modesto obradoiro de costura. Xusto despois, encaixoadas entre un tabique de madeira e a parede do fondo, as angostas e empinadas escaleiras de piñeiro

que dan acceso ao sobrado. Á dereita, tras un cuarto con trastos e leña apilada e un pequeno escusado, atópase a cociña. O fondo do corredor está pechado cunha porta semellante á da entrada.

Entra na cociña, acende a luz e deixa a chave nun recanto do alzadeiro. Quita a gabardina e pendúraa nun colgadoiro de madeira cravado na porta. Achégase ao fogón e estende as mans abertas a escasos centímetros da prancha de ferro da cociña, comprobando que está morna. Vólvese, abre unha despensa empotrada, inspecciona o interior e saca un prato con medio queixo do país, unha botella de tinto ribeiro e un anaco de pan-trigo, que vai colocando sobre unha mesa cuberta con mantel de hule a cadros azuis e brancos. Cando remata a frugal cea fría sérvese unha copa de coñac, deixa a botella na mesa e prende un pitillo.

Media hora máis tarde, apurada a segunda copa de coñac, fuma outro cigarro. Cotenea de vez en cando, asonecado pola dixestión, a bebida e a mornura da estancia, pero esperta intermitentemente, sobresaltado, para darlle unha chupada ao pitillo.

De súpeto oe abrir e cerrar a porta da casa, e a continuación un taconeo apresurado sobre as lousas do corredor.

A muller que entra na cociña faille un aceno de leda sorpresa, ao tempo que avanza cara a el:

—Que ben! Non contaba contigo hoxe, véspera de feira -sen rematar a frase inclínase e bícao na boca, apreixándolle a cara entre as mans. Logo érguese, as mans del sobre as súas cadeiras, e permanece de pé ante o home aferrándolle os antebrazos.

É alta e corpulenta, de ollos negros e cute marmórea. Do abrigo azul mariño, de anchos ombreiros e van entallado, despréndese un arrecendo a orballo.

—Hai moito que chegaches? -pregunta a muller. Mira a mesa e volve os ollos cara a el-. Non ceaches, a que non? Fareiche uns ovos fritos.

Sóltalle os antebrazos tentando arredarse del, pero Ulloa llo impide apretándolle as cadeiras.

—Botei un bocado de pan e queixo hai menos dunha hora, Celia. Chégame ben. Só quero café se o tes.

—Prepárocho decontado -di a muller. Bícao de novo-. Terás que agardar unha miga -levanta a tapa da cafeteira, que repousa

sobre a prancha da cociña-. O café está feito, pero hai que avivar o lume para quentalo. Cousa dun momento.

Vólvese cara a el e quita o abrigo. O cinguido xerseiro negro que leva debuxa a contundencia sinuosa da súa silueta de muller cumprida. Trintanea hai anos, pero o devalo da súa plenitude apenas é perceptible. Colle dúas achas dunha cesta de vimbio ao carón da cociña e méteas no fogón, pecha a portíña do lar e abre o tiro da cheminea. Coloca entón a cafeteira no círculo central da prancha de ferro.

—Xa está -di-. Deseguida quecerá o café.

Diríxese cara ao alzadeiro.

—Ti non ceas nada? -pregunta Ulloa.

—Vaiche boa! Ceei antes de saír da casa.

Saca do alzadeiro un prato pequeno, taza e culleriña, e ponos na mesa. Colle tamén un azucreiro e senta nun tallo, apoiando o cóbado sobre a mesa.

—Pensei que non viñas, nunca o fas a véspera de feira. Así que ceei cedo e fun ao velorio de Severina de Couso. Veño agora de alí.

—Non sabía que morrera -di Ulloa.

—Morreu esta mañá. Non era vella, andaba nos corenta, pero había tempo que estaba maliña, a pobre. Desde que o porco lle comeu o meniño, lémbreste?, non levantou cabeza. Foi amolecendo e non houbo maneira... A pena acabou con ela.

—E veu a filla?... A nai do meniño.

—Déronlle aviso por medio da Garda Civil, pero aínda non chegou. Ninguén sabe o seu enderezo. Xa sabes o que se conta dela... que se deu á vida... Non sei. En que pouco tempo se desfai unha familia!

Gardan un intre de silencio. Despois ela levántase e volve ao fogón.

—O café xa está -anuncia-. Non convén que ferva de segundas, disque perde sabor e xa non é moi bo que digamos...

Sérvello e pon de novo a cafeteira sobre a prancha da cociña, arredándoa dos aros de ferro.

—Aínda queda, se queres máis. Aquí consérvase quente.

—Ti non tomas? -pregunta Ulloa.

—Eu non. Xa mo deron no velorio, e augardente tamén -sorrí con picardía-. Veño un chisco peneque, sabes? -e engade:- O que vou facer e poñerme cómoda.

Traslada o tallo ao lado da cociña e senta nel, fronte a Ulloa. Abre a porta do forno, saca unhas zapatillas de feltro negro e despositaas no chan. Descálzase e mete os zapatos no forno.

—Aquí dentro secan enseguida -di.

Despois levanta a saia por riba dos xeonllos, mete os polgares entre a coxa dereita e o enrolado da media e comeza a baixar esta, inclinándose cara adiante a medida que desliza a prenda perna abaixo.

—Tiven carta da nena -di nese momento.

—E que conta Monchiña?

—Nada novo -contesta ela, endereitando o corpo coa media apreixada na man. Un círculo vermello cingue a coxa núa e preta. Abre as pernas, aprestándose a sacar a outra media, e, por un intre, Ulloa albisca a revelación fuxidiza da braga azul. Celia prosegue:- A miña Monchiña está contenta, coma sempre, pero moi traballada. Seica queren coller outras dúas rapazas para servizo do hospital. Se as collen antes do Nadal, virá pasar a Noiteboa na casa.

Calza as zapatillas eponse de pé. Ten as pernas longas e rectas, de finos nocellos. Dálle as costas a Ulloa para tender as medias sobre a barra dourada da cociña, á beira do forno. Despois vólvese cara a el.

—Vou ao cuarto a cambiarme. Sírvome outro café?

—Non, non quero máis.

Ulloa séguea coa mirada ata que ela sae. Cando queda so baleira dun grollo o café que queda na taza, verte un pouco de coñac, pon un pitillo entre os beizos e tenta nos petos á procura dun chisqueiro, pero non o atopa. Levántase e vai cara ao fogón.

Nisto entra Celia de novo. Agora leva unha bata negra moteada de flores moradas. Trocou as zapatillas de feltro por outras máis lixeiras, a xogo coa bata. Achégase a el, abaneantes os peitos baixo a tea.

—Fumas de máis -dille sorrindo. Quítalle suavemente o cigarro da boca e mírao aos ollos, alumeadas de malicia as súas negras pupilas. Avanza de fronte cara a el e abre a bata cos brazos en cruz.

—Non levo nada debaixo.

Ulloa abalánzase sobre ela e abrázaa por dentro da bata, deslízalle os dedos pola columna dorsal, apréixalle as nádegas, opulentas e satinadas. Ela estremécese e apértase contra el, acariciándolle a cabeza. Ampean os dous.

Ela xeme antes de susurrar:

—Meu amor, meu amor...

Sae pola porta de atrás e atalla polo Campo da Feira, baixo o fragor da arboreda remexida polo vento. Camiña a rentes das tapias e muros que cerran as hortas traseiras de varias casas. Pasa por diante da adega da Fonda do Ferrador, e desvíase á esquerda ata atoparse de novo na rúa Joaquín Loriga baixo a marquesina do cine, agora coas luces apagadas. A rúa está deserta. Percorre outra vez, abeirado ás casas, o treito comprendido entre o cine e a Esquina. Vira á dereita pola rúa José Antonio. Ao fondo, trala grande calzada de pedra, álzase a igrexa parroquial, coa esfera do reloxo iluminada, cal ollo de Deus sobre a vila, e coa torre do campanario, aínda sen rematar, achatada contra a negrura do ceo. Amaina o vento, e na praza solitaria resoa un murmurio de augas procedente do pilón da fonte de tres canos.

Para diante da quinta casa das aliñadas á esquerda da praza. É unha vivenda grande, de fachada rectangular, cunha galería voada ao longo da planta alta. A porta da entrada, cun aldabón de bronce en forma de man apreixando unha bola, está pechada. Saca do pantalón un chaveiro cunha presa de chaviñas de metal. Abre a porta cunha delas, entra no portal a escuras e, desde o interior, alza os ollos cara ao reloxo do templo. Marca as dúas e vinte da madrugada. Logo cerra a porta.

Empeza a chover.